

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPT E XC 23/2025). CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE LUGO. ANO 2025

- Visto CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE LUGO. ANO 2025, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local núm. 17/286 do 09.07.2025, cuxo obxecto figura relictido na cláusula primeira:

" Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ACTUACIÓNS	CUSTE TOTAL
- PLAN AXIL-ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTOS EN ESPAZOS PÚBLICOS E HONORARIOS TÉCNICOS (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que o requiran legalmente	200.000,00 €
- PROMOCIÓN ECONÓMICA, CULTURAL E TURÍSTICA A TRAVÉS DO CAUDAL FEST	217.80,00 €
CUSTE TOTAL	417.800,00 €

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
200.000,00 €	217.800,00 €
TOTAL	417.800,00

- CLÁUSULA QUINTA.- Réxime económico

1.- Achega da Deputación:

"A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 200.000,00 € con cargo ao orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio:

- 150.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 para financiar gastos da execución do PLAN AXIL-ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTOS EN ESPAZOS PÚBLICOS E HONORARIOS TÉCNICOS
- 50.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.46200 para financiar gastos da execución da actuación PROMOCIÓN ECONÓMICA, CULTURAL E TURÍSTICA A TRAVÉS DO CAUDAL FEST

2.- Achega do Concello:

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac9002284905497067256.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 23-2025

O Concello de Lugo efectuará unha achega de 217.800,00 € (50.000,00 € para financiar gastos da execución do PLAN AXIL-ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTOS EN ESPAZOS PÚBLICOS E HONORARIOS TÉCNICOS" e 167.800,00 € para financiar gastos da execución da actuación PROMOCIÓN ECONÓMICA, CULTURAL E TURÍSTICA A TRAVÉS DO CAUDAL FEST, e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio

- Vista solicitude do servizo de Desenvolvemento local, asinada pola súa xefa de servizo, Isabel Villamor Cabado, o 22.08.2025, de solicitude de tramitación de expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de xeración de crédito.

- Visto informe de Intervención Ref.: 1318/2025, do 25.08.2025

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 23/2025), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

- ☐ Importe total **Gasto subvencionable: 417.800 €**, co seguinte desglose:
 - Aportación Deputación Provincial: 200.000,00 €
 - Aportación Municipal: 217.800 €
- ☐ Coeficiente de Financiamento Afectado Global Inicial: 0,4786%
- ☐ Observacións: Finanzamento.
- ✓ Xeración de crédito: 150.000,00 €.

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Deputación Provincial

Concepto	Código proxecto	Importe
76100	252410002	150.000,00 €
TOTAL INGRESOS		150.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
24100.60900	252410002	150.000,00
TOTAL GASTOS		150.000,00 €

Observacións: A aportación polo importe de 50.000,00 da Excm. Deputación Provincial de Lugo relativa ao CAUDAL FEST, non é en principio obxecto desta xeración, por contar con recursos propios municipais para a sinalada actuación.

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac9002284905497067256.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 23-2025

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.